

Admisión á Formación Profesional Ordinaria

INFORMACIÓN E NOVIDADES IMPORTANTES

Con data 7 de xuño de 2024, a Consellería publica instrucións xerais e calendarios para o proceso de admisión ás ensinanzas de formación profesional para o curso 2024-25.

No noso centro, contamos con **oferta ordinaria de FP**, detallando neste documento algunha **información e novidades** importantes tras a publicación das instrucións.

Novidade: Desaparecen os criterios de prioridade derivados da modalidade de bacharelato cursada ou da titulación profesional básica coa que se accede.

Acceso a ciclo superior dende Bacharelato

ANTES

A modalidade de Bacharelato cursada daba acceso preferente a determinados ciclos superiores de FP, en caso de haber máis solicitudes que prazas dispoñibles.

AGORA

Desaparece a preferencia por modalidade cursada. Accédese a ciclos superiores independentemente da modalidade de Bacharelato cursada.

Acceso a ciclo medio dende FP Básica

ANTES

Segundo o ciclo básico cursado, tíñase preferencia no acceso a determinadas familias profesionais para cursar ciclos medios, en caso de haber máis solicitudes que prazas dispoñibles.

AGORA

Desaparece a preferencia para acceder a ciclos medios en función do ciclo básico cursado. Accederase a calquera ciclo medio, tendo en conta a nota media da FPB.

Novidade: Cambios nos grupos de admisión e distribución de prazas

Distribución de prazas en ciclos medios

- **Grupo 1** (entre 75% e 85%): persoas con título de graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional.
- **Grupo 2** (entre 10% e 20%): persoas que superasen un curso de formación específico ou unha proba de acceso.
- **Grupo 3** (ata 10%): persoas con título de técnico ou de técnico superior (ou outros academicamente superiores).
- Persoas que teñan un grao C (certificado de profesionalidade) integrado no ciclo formativo e sen ningún dos anteriores requisitos; accederán no caso de prazas liberadas.



A ter en conta: As persoas que rematen FPB (Formación Profesional Básica), acceden á formación profesional de grao medio en igualdade de condicións que as persoas que rematan a ESO pola vía ordinaria.

Establécense **criterios de prioridade no acceso**, aplicables en caso de haber máis solicitudes que postos escolares dispoñibles, a **consultar na páxina seguinte**.


6.1.1 Prioridades de acceso a ciclos medios

Prioridades no acceso a ciclos medios de oferta ordinaria		
Grupo 1	1	<ul style="list-style-type: none">▪ Graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional obtidos nos tres últimos anos naturais.▪ Graduado en ESO ou técnico básico de formación profesional obtidos antes dos tres últimos anos naturais.
	2	<ul style="list-style-type: none">▪ Técnico auxiliar.▪ 2º de BUP cun máximo de dúas materias pendentas.▪ Ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos, o 3º curso do plan do 1963 ou 2º de comúns experimentais e bacharelato superior.
	3	<ul style="list-style-type: none">▪ PCPI con módulos obrigatorios superados.
Grupo 2	1	<ul style="list-style-type: none">▪ Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de FP ou curso de acceso a ciclos medios.
	2	<ul style="list-style-type: none">▪ Proba de acceso a ciclos formativos superiores de FP.
	3	<ul style="list-style-type: none">▪ Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.▪ Proba de acceso a ciclos formativos medios e superiores de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño .
Grupo 3	1	<ul style="list-style-type: none">▪ Título de técnico.
	2	<ul style="list-style-type: none">▪ Título de bacharelato.▪ BUP.
	3	<ul style="list-style-type: none">▪ Título de técnico superior.▪ Título de técnico especialista.
	4	<ul style="list-style-type: none">▪ Título universitario.

Novidade: Cambios nos grupos de admisión e distribución de prazas

Distribución de prazas en ciclos superiores

- **Grupo 1** (entre 75% e 85%): persoas con título de bacharelato e técnicos de ciclo medio cunha asignación de prazas non inferior a 45% en calquera deles, establecéndose dous subgrupos:
 - Grupo 1.1: Título de bacharelato
 - Grupo 1.2: Títulos de técnico de FP e artes plásticas e deseño
- **Grupo 2** (entre 10% e 20%): persoas que superasen un curso de formación ou unha proba de acceso.
- **Grupo 3** (ata 10%): persoas con título de técnico superior (ou outros academicamente superiores).
- Persoas que teñan un grao C (certificado de profesionalidade) integrado no ciclo formativo e sen ningún dos anteriores requisitos; accederán no caso de prazas liberadas.



A ter en conta: As persoas que teñan un título de técnico, por rematar un ciclo medio de FP ou de artes plásticas e deseño, acceden á formación profesional de grao superior en igualdade de condicións que as persoas que acceden tras cursar o Bacharelato.

Establécense **criterios de prioridade no acceso**, aplicables en caso de haber máis solicitudes que postos escolares dispoñibles, **a consultar na páxina seguinte**.

6.1.2 Prioridades de acceso a ciclos superiores

Prioridades no acceso a ciclos superiores de oferta ordinaria			
Grupo 1	Subgrupo 1.1	1	▪ Título de bacharelato obtido nos tres últimos anos naturais.
		2	▪ Título de bacharelato obtido con anterioridade aos tres últimos anos naturais.
		3	▪ BUP + COU. ▪ BUP + PREU.
		4	▪ BUP.
	Subgrupo 1.2	1	▪ Título de técnico da mesma familia profesional obtido nos tres últimos anos naturais.
		2	▪ Título de técnico doutra familia profesional obtido nos tres últimos anos naturais.
		3	▪ Título de técnico da mesma familia profesional obtido con anterioridade aos tres últimos anos naturais.
		4	▪ Título de técnico doutra familia profesional obtido con anterioridade aos tres últimos anos naturais.
Grupo 2		1	▪ Proba de acceso a ciclos formativos superiores de FP ou curso de acceso a ciclos superiores.

Información: Calendario de admisión á FP ordinaria

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	24 xuño ás 9:00 ao 4 xullo ás 13:00 horas
Resolución provisional de solicitudes	10 xullo
Reclamación á listaxe provisional	10 xullo ás 9:00 ao 12 xullo ás 13:00 horas
Resolución definitiva de solicitudes	17 xullo
1ª adxudicación	17 xullo
Matriculación 1ª adxudicación	17 xullo ás 9:00 ao 22 xullo ás 13:00 horas
2ª adxudicación	24 xullo
Matriculación 2ª adxudicación	24 xullo ás 9:00 ao 31 xullo ás 13:00 horas
3ª adxudicación	2 setembro
Matriculación 3ª adxudicación	2 setembro ás 9:00 ao 5 setembro ás 13:00 horas
Adxudicación continuada (chamamento)	11 setembro ás 9:00 horas ao 27 setembro ás 13:00 horas

Cubrir unha **única solicitude** para cada grao, medio ou superior, no que se desexe participar

1º Realiza a **admisión** na **aplicación informática**, no prazo establecido. A aplicación avisará se é necesario achegar documentación. Aplicación: www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión

2º **Valida a solicitude** nun centro educativo que imparta FP, se fora necesario.

3º Permanece atento/a as **listaxes de resolución** e consulta o estado da túa solicitude de forma individualizada, empregando o DOI ou o código da solicitude.

4º **Matricúlate** no ciclo que corresponda. A matrícula realízase no centro en que vas estudar.

Máis información:

[Consulta aquí](#) as instrucións para as distintas ofertas:

- Ordinaria
- Modular
- FP Básica
- FP Dual intensiva
- Cursos de especialización

[Neste enlace tes información dos calendarios de admisión](#) segundo o tipo de oferta.

DUDAS e/ou CONSULTAS no DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

